

O traballo terminográfico nun servizo lingüístico: unha aproximación práctica

1 O traballo terminográfico nun SL

Organízase en dúas vertentes:

- 1 Elaboración de repertorios (diccionarios, vocabularios...)
- 2 Terminografía vinculada a traballos de asesoramento (resolución de dúbidas terminolóxicas)

Para orientarnos no primeiro deles contamos con metodoloxías de traballo que, aínda que non foron elaboradas explicitamente para o galego, si poden ser usadas con mínimas adaptacións. Entre elas destacaríamos as seguintes¹:

AUGER, P. E L.-J. ROUSSEAU (1987) *Metodologia de la recerca terminològica*. Traducción e adaptación de M. Teresa Cabré, Barcelona, Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya

ORGANISATION INTERNATIONALE DE NORMALISATION (1987) *Principes et méthodes de la terminologie*

ROUSSEAU, L.-J. (1995) “Principes méthodologiques du travail terminologique au sein du Réseau de terminologie - Realiter”, *Terminologies nouvelles*, 14: 82-84 (pódese consultar no enderezo <http://www.rint.org>)

TERMCAT (1990) *Metodologia del treball terminologic*, Barcelona, Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya

Pola contra, o traballo vinculado ó asesoramento é minusvalorado con moita frecuencia ó apoñérselle o seu carácter puntual,² a súa falta de sistematicidade e as lagoas na calidade provocadas pola imposibilidade de atender en bloque áreas especializadas completas. Nembargantes, a evidencia dinos que é o tipo de investigación terminolóxica que con máis

¹ Tamén se ofrecen indicacións metodolóxicas en manuais como os de Cabré (1992), Sager (1993) ou Dubuc (1992).

² A partir de aquí imos entender por *terminografía puntual* aquel tipo de traballo terminográfico que ten como finalidade resolver problemas illados, é dicir, os que afectan a un único concepto ou a un número moi pequeno deles, e que nos servizos lingüísticos se asocia case sempre ós traballos de asesoramento (traducción, corrección, resolución de dúbidas...).



frecuencia se realiza nun servizo lgtco, e isto é razón bastante para intentar dar unha serie de pautas que permitan mellorar a calidade dos resultados acadados neste tipo de investigación.

2 Cuestións previas sobre terminoloxía

1 **Facer terminoloxía non é traducir.**

En efecto, do que se trata é de buscar as denominacións que nunha lingua se usan para denominar un concepto que noutra lingua recibe o nome *x*, avalialas e, se cómpre, propor a súa substitución.

2 **Para os usuarios reais da terminoloxía non adoitan existir os “baleiros denominativos”**

Xa que logo, é moi estraño que non haxa propostas denominativas para un concepto en documentos galegos, se existe documentación (oral ou escrita) para esa área de especialidade. Outra cousa distinta é que a calidade desa proposta non nos pareza adecuada.

3 **Os termos propostos deben estar documentados no uso real.**

Soamente cando, despois de recollidos e analizados os termos, cheguemos á conclusión de que non posúen a calidade adecuada como para propor a súa utilización, estaremos autorizados a realizar unha proposta neolóxica.

4 **Un termo está formado por un sgte. (a denominación) e un sgdo. (o contido)**

Polo tanto, traballos que recollen só listaxes supostamente equivalentes de denominacións en varias linguas, sen indicar por vías directas ou indirectas a qué concepto fan referencia, non se deberían considerar terminográficos en sentido estricto, e poden provocar múltiples confusións no momento da súa utilización práctica.

5 **Os termos non son unidades illadas, senón que forman parte dunha estrutura**

Como signos que son, o seu valor determínase en función das relacións que manteñen coas outras unidades que forman o campo especializado a que pertence.

6 **Cómpre ser conscientes dos niveis de lingua en que funcionan as denominacións que recollemos.**

Esto é así porque, igual ca sucede na lingua non especializada, unha denominación popular, por moi precisa que sexa, pode non ser adecuada para ser empregada en contextos técnicos, polas súas connotacións festivas, coloquiais, escatolóxicas, etc.

7 **A finalidade das propostas denominativas debe ser acadar un uso real e substituír outras espurias.**

Polo tanto, antes de realizar unha proposta, debemos intentar vela desde o punto de vista dos seus usuarios reais, que non van ser lingüistas, senón tradutores, profesionais de diversas áreas de especialidade, ou cidadáns en xeral. Xa que logo, o valor da “precisión” ou da “pureza lgtca.” deben convivir con outros criterios moito máis etéreos como a economía de espacia, a eufonía, os valores connotativos que produza, etc.

3 Materiais terminográficos existentes en galego.

Non imos ofrecer unha listaxe en papel de materiais porque á parte da dificultade de ser exhaustivos, ía ficar anticuada en moi pouco tempo. Polo tanto, preferimos presentar unha serie de referencias de bancos bibliográficos onde é posible consultar esas listaxes

Ademais, recollemos tamén outras referencias que permiten buscar fontes terminográficas noutras linguas, especialmente nas peninsulares.

3.1 Fontes de consulta

- ***Bibliografía informatizada da lingua galega*** <http://www.cirp.es/WXN/wxn/frames/bilega.html>
 - Elaborada e mantida polo Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades
 - Recolle só material sobre o galego ou que o inclúa entre as linguas de estudo.
 - É gratuíta, pero require abonarse.
 - Os traballos que nos interesan inclúense dentro da categoría 42 (Lexicografía), en concreto nas subcategorías 423, 424, 425 e 426.
 - Traballa con criterios de selección moi flexibles (recolle tanto traballos terminográficos como outros que non o son en sentido estricto pero que presentan información terminográfica relevante).
- ***Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela*** <http://busc.usc.es/>
 - Repertorio con vocación xeneralista que recolle materiais terminográficos en todas as linguas, de todas as épocas e sobre todos os temas.
 - Gratuíta e de acceso libre
 - Para nós vai ser útil especialmente para atopar fontes terminográficas que non inclúen o galego entre as súas linguas de traballo.
- ***Catálogo en liña da Rebiun (Rede de bibliotecas universitarias)*** <http://www.crue.org/cgi-bin/rebiun/LL13/G0>
 - Acumula os catálogos das bibliotecas asociadas a esta rede.
 - Gratuíta e de acceso libre
 - Útil sobre todo para buscar traballos en linguas peninsulares distintas do galego e do portugués.
- ***Porbase (Base Nacional de Datos Bibliográficos)*** <http://ipac.bn.pt/ipac-cgi/ipac.exe>
 - É un banco portugués que recolle o catálogo colectivo en liña das bibliotecas portuguesas.
 - Gratuíta e de acceso libre.
 - Evidentemente, a súa maior utilidade é ofrecernos información sobre fontes portuguesas das distintas áreas de especialidade.

3.2 Valoración dos materiais terminográficos galegos

Análises pormenorizadas da produción terminográfica galega, desde o punto de vista cualitativo e cuantitativo, poden verse en traballos como Rodríguez Río (1996) e (1998). Polo tanto, aquí e agora presentaremos de xeito sintetizado só as características máis salientables dese conxunto de materiais.

Desde o punto de vista metodolóxico, salvo honrosas e contadas excepcións, os dicionarios e vocabularios especializados galegos deixan bastante que desexar.

Desde un punto de vista utilitario, a valoración ten que ser máis positiva, pero non por eso deixamos de atopar neles carencias significativas, entre as que cómpre salientar:

- un escaso nivel de especialización
- a concentración dos traballos sobre unha serie de sectores, o que fai que moitos se superpoñan mentres grandes áreas carecen aínda de estudo ningún
- excesiva vinculación ó modelo “glosario bilingüe castelán-galego”, moi orientado cara á tradución, e problemático desde o punto de vista da precisión terminolóxica
- ausencia xeneralizada de información sobre o contido ou a área de especialidade
- escasa difusión de información sobre os dicionarios e vocabularios existentes
- problemas na difusión dos propios materiais, ben por ser esta moi escasa (o que impide que parte dos destinatarios potenciais interesados poidan acceder a eles, ó non venderse polas canles normais), ben por non reeditar ou difundir por vías alternativas traballos xa esgotados nas súas tiraxes orixinais.

Agora ben, nestes últimos anos parece que as cousas queren comezar a moverse, gracias a sucesos como:

- 1 a creación e posta en marcha do Termigal
- 2 a inclusión de materias relacionadas coa terminoloxía dentro das titulacións de Tradución e Filoloxía Galega impartidas na Universidade de Vigo
- 3 o aumento da produción terminográfica
- 4 a utilización de novas vías para a difusión dos traballos realizados (fundamentalmente Internet).

4 Outras fontes documentais útiles para o traballo terminolóxico

Ademais dos dicionarios, vocabularios e léxicos, tamén son relevantes para o traballo terminolóxico outros tipos de materiais que, aínda tendo outras finalidades prioritarias, realizan un interesante traballo de compilación e selección de termos especializados galegos. Exemplos salientables deste tipo de materiais son as guías botánicas ou zoolóxicas, traballos especializados que inclúen ó final un glosario dos termos técnicos utilizados, obras de vocación etnográfica sobre oficios tradicionais, recollas léxicas sobre aveños de labranza ou de pesca, etc.

5 Etapas do traballo terminográfico puntual

5.1 A formulación do problema de partida

Como dixemos antes, este tipo de traballo terminográfico vai arrincar case sempre dun problema concreto que cómpre resolver, pero que pode presentarse desde enfoques moi diversos. Así, pode ocorrer que:

- a) Non saibamos cál é o nome en galego de algo que noutra lingua se denomina X.
P. ex.: ¿Como se lle chama en galego ó que en castelán, dentro do mundo de Internet, lle chaman “enlace”?
- b) Non saibamos cál é o nome en galego dun concepto que podemos definir como...
P. ex.: ¿Como se lle chama en galego a unha ‘maneira de colocar pezas ou elementos en ringleiras, de forma que as posicións dunha fileira correspondan cos puntos medios dos ocos existentes entre dúas pezas das filas inmediatas.’?
- c) Non saibamos se unha palabra galega determinada remite exactamente ó mesmo concepto ca unha doutra lingua.
P. ex.: ¿A denominación galega “perpiaño” pode substituír en calquera contexto de uso á castelá “sillar” sempre que non saiamos do ámbito da construción?
- d) Non saibamos se dúas ou máis denominacións galegas son ou non sinónimas perfectas.
P. ex.: ¿As palabras “arroaz”, “golfinho” e “delfín” remiten á mesma especie de cetáceo mariño, ou pola contra trátase de dúas especies moi próximas que non se deberían confundir en textos especializados?
- e) Non saibamos cál dunha serie de sinónimos galegos sexa preferible á hora de empregar nun texto determinado.
P. ex.: ¿Cales son os criterios que nos poden orientar á hora de escoller entre dúas denominacións como “tella árabe” e “tella do país” que os dicionarios recollen como sinónimas?

Todos estes problemas que acabamos de ver poden presentarse de xeito independente, pero o máis frecuente é que vaian xurdindo en momentos sucesivos dunha mesma investigación terminolóxica.

Das distintas problemáticas citadas, a primeira é a que con máis frecuencia ha aparecer no traballo dun servizo lingüístico. Polo tanto, orientaremos as notas metodolóxicas seguintes cara á descrición da mecánica de traballo que permita a resolución dese problema.

5.2 Identificar claramente o concepto a que se refire a denominación

Partimos, entón, dun termo do cal coñecemos a denominación. Desde aquí, tendo en conta o precepto indicado máis arriba, segundo o cal “facer terminoloxía non é traducir”, o primeiro paso da investigación será determinar a qué concepto concreto fai referencia a denominación da que partimos.

Por exemplo, para poder buscar a palabra galega que remite ó mesmo concepto cá castelá “arenisca” debemos saber a qué realidade se refire esta denominación no contexto de uso en que se nos presenta, xa que é posible que o galego recorra a palabras diferentes para referirse a cada unha delas.

Esta busca de información conceptual vai precisar sempre da consulta de fontes externas (quer o autor do documento -se non somos nós mesmos-, quer documentación allea, en papel ou electrónica). A expansión da Internet e das novas tecnoloxías da información e a comunicación provocou un aumento exponencial das fontes documentais ás que calquera pode acceder, aínda que tamén o agravamento dun problema preexistente: o da fiabilidade da información á que se accede.

Partindo da evidencia de que é imposible establecer unha clasificación de fiabilidade de fontes que sirva para todos os casos, si se poden seguir algunhas pautas xerais que nos orienten no noso proceso de escolla:

- No caso de obras lexicográficas e terminográficas, en principio, debería outorgárselles un grao superior de fiabilidade a
 - fontes dotadas de autoridade normativa (dicionarios académicos)
 - fontes realizadas por entidades que posúen prestixio entre a sociedade
 - fontes que acadan graos moi amplos de difusión entre os usuarios.
- No caso de fontes especializadas (documentación técnica), o prestixio profesional do autor do documento, ou da entidade que o avala debería incrementar o nivel de fiabilidade destas.

Tendo en conta todo o dito, a consulta que cómpre facer pode coller varios camiños (dicionarios xerais, dicionarios especializados, documentos científicos, consultas orais con especialistas...). A continuación indicamos os que para nós son máis relevantes clasificados segundo a nosa orde de preferencia:

- 1 Buscar en dicionarios en papel ou electrónicos na mesma lingua da denominación.
Vid en 8.2.4 (Fontes de termos) unha ampla listaxe de dicionarios e bancos de datos monolingües e multilingües consultables a través de Internet.
- 2 Buscar en corpus de textos especializados na mesma lingua da denominación.
Aínda que para traballos terminográficos sistemáticos é aconsellable elaborar un corpus documental da área que se vai analizar, no traballo puntual esta posibilidade é, practicamente inviable. Sen embargo, a existencia de Internet ofrécenos o maior e máis diverso banco documental do mundo, do que podemos tirar gran cantidade de información útil sempre que sexamos conscientes das limitacións que en canto á fiabilidade moitas das fontes ofrecen.
Para isto son ferramentas especialmente útiles os buscadores e metabuscadores, programas que cachean a Internet buscando documentos que cumpran unha serie de condicións de busca que nós fixamos. No anexo 8.1 (Os buscadores en *Intenet como ferramentas para o traballo terminográfico*) podemos ver as ligazóns que nos permitirán acceder ós máis empregados e as características daqueles que son máis útiles para nós.
É posible que non atopemos en traballos lexicográficos ou terminográficos información do concepto designado por "tricoleucemia". Sen embargo, unha busca en Internet desta palabra realizada a través de calquera dos buscadores de uso común dános como resultado unha ampla listaxe de fontes que a describen.
- 3 Se con ningún dos dous procedementos anteriores conseguimos información detallada sobre o concepto, podemos intentar acadala a través das denominacións doutra lingua, sempre que teñamos garantías de que estas son un equivalente exacto da denominación de partida na mesma área temática.
Así, é posible que non atopemos fontes nunha lingua concreta (por exemplo en castelán) que nos permitan

determinar as características dun animal coñecido como “ácaro de los bulbos”; pero o seu nome taxonómico (Rhizoglyphus echinopus-fum) permitiranos acceder a descrições noutros idiomas de onde tiraremos a información conceptual que precisamos.

De calquera maneira cómpre ser prudentes á hora de empregar este procedemento, pois non é estraño que denominacións case idénticas en dúas linguas designen conceptos parcialmente diferentes.³

5.3 Buscar en fontes galegas se existe unha denominación para ese concepto

Unha vez delimitado e definido o concepto que é obxecto da nosa busca, debemos intentar determinar a denominación ou denominacións realmente usadas en galego para referirse a el. Para eso cómpre buscar documentación galega na que se describa e se lle dea nome.

Os medios que nos permitirán acceder a esa información son os mesmos que vimos no apartado anterior:

1 Dicionarios de lingua ou repertorios terminográficos, en papel ou en formato electrónico

Na produción terminográfica e lexicográfica galega, as fontes accesibles en formato electrónico son, polo momento, moi escasas (aínda que nos últimos anos están experimentando un importante crecemento en termos relativos). Polo tanto, a nosa busca vai ter que basarse nas fontes en papel, para o cal seranos moi útil recorrer a unha fonte frecuentemente actualizada e de consulta doada como é [Bilega](#). Con todo, a caracterización que da produción terminográfica galega fixemos máis arriba, non permite ser moi optimistas en canto á posibilidade de atopar respostas a conceptos moi especializados ou recentemente incorporados á vida social.

2 Corpus documentais electrónicos

Actualmente as buscas en corpus documentais galegos pode realizarse por dúas vías:

- A través do [CORGA](#), (Corpus de Referencia do Galego Actual)
Este proxecto, desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro, permítenos consultar un banco de textos galegos que conta con 12,5 millóns de formas,⁴ pero que non pretende ser un corpus especializado, senón recoller documentos da “suficiente amplitude para seren considerados representativos do uso lingüístico do galego actual”.
Polo tanto, á hora de realizar buscas nel, debemos ser conscientes das autolimitacións que os seus responsables lle impuxeron, e asumir que con moita probabilidade non van estar documentados termos que pertencen a ámbitos moi específicos.
- A través dos buscadores en Internet
En paralelo ó que explicabamos máis arriba, deberíamos procurar documentos especializados en galego que puidesen conter o termo ó que lle estamos determinando a

³ Pensemos das diferencias da parella *vila* -gal- / *villa* -es-; ou en falsas equivalencias entre o inglés e o galego, como *devolution* (que non remite á ‘acción de devolver’ senón ó concepto que en galego designamos como “autonomía”), *carbon* (que fai referencia ó elemento químico coñecido en galego como “carbono” e non ó mineral que coñecemos como “carbón” -eng. coal-) ou *dismay* (que sería tradución do galego “desánimo” e non de “desmaio” -eng. faint-).

⁴ Datos de xaneiro de 2002.

denominación. Sen embargo, esta posibilidade atópase cunha grande limitación: a maioría dos buscadores xerais que vimos non nos permiten filtrar documentos en galego, para facer posteriormente a busca dentro deles.

Esto non é un problema cando as palabras que buscamos non coinciden formalmente coas de ningunha outra lingua (*bioloxía, muiño, xerontocracia...*), pero dificulta enormemente a detección de fontes galegas cando procuramos palabras tamén presentes en idiomas do noso contorno (*leucemia, big-bang, prevaricación...*)

Nestes últimos meses, dous buscadores ([Alltheweb](#) e [Terra](#)) incorporaron esta posibilidade, pero ó contar cun número moi pequeno de páxinas indexadas en galego, as buscas realizadas neles ofrecen resultados negativos con demasiada frecuencia.

Unha maneira de intentar superar esta pexa é elaborar un filtro propio que permita seleccionar páxinas galegas atendendo á presenza nos documentos de palabras gramaticais que son exclusivas desta lingua (como a contracción “co”, por exemplo). Un exemplo desto podemos atopalo na páxina [Cibercerques multilingües](#) da Universitat Pompeu Fabra; outra posibilidade é deseñar nós mesmos un filtro para o buscador xeral co que traballemos habitualmente (Google, Altavista, Yahoo, Sapo, Terra...)⁵, pero os resultados de calquera das dúas vías non son, de momento, satisfactorios.

3 Fontes documentais -non lexicográficas ou terminográficas- en papel

É a vía máis dificultosa, polos problemas para detectar as fontes e acceder a elas, e pola cantidade de tempo que consome. Por eso mesmo, sendo pragmáticos, cómpre asumir que non en todos os casos vai ser posible emprender este tipo de busca, quer pola escaseza de fontes ou a dificultade de acadalas, quer por non dispor de tempo para realizala.

Polo tanto, desde ese mesmo pragmatismo, propoñemos un comportamento mixto en relación con esta cuestión, dedicándolle tempo á busca en fontes galegas en papel sempre que haxa expectativas razoables de atopar mencións ó concepto que se busca,⁶ e sempre que sexa probable que as denominacións empregadas sexan distintas das solucións que se poderían aventurar despois de observar o ocorrido nas linguas veciñas⁷.

Para intentar avaliar esas expectativas cunha certa obxectividade, é bo traballar con dous criterios que se aplicarán sobre cada un dos casos concretos:

- a área de especialidade a que poidamos adscribir o termo

Parece lóxico supor que en áreas cunha alta compoñente tecnolóxica ou científica (como a xenética, ou a física avanzada), ou de recente irrupción na nosa sociedade (como as telecomunicacións) o galego non vai posuír denominacións propias diverxentes das das linguas do contorno -coas salvidades gráficas que correspondan-. E pola contra, que naquelas máis vinculadas ó medio físico (xeoloxía, xeografía, arqueoloxía...) ou moi presentes historicamente na realidade socioeconómica do país (pesca, sector

⁵ Un filtro bastante afinado para empregar co buscador Google podería ser

() é OR ao OR ás OR aos OR á -um -em -são -su

tendo en conta que no canto das parénteses debemos escribir a palabra ou palabras que esteamos buscando.

⁶ É probable que non sexa rendible buscar polas posibles denominacións galegas para o concepto que o inglés nomea *p-brana*, xa que a presenza do galego no ámbito da física teórica é, hoxe por hoxe, anecdótica.

⁷ Probablemente, tampouco sexa útil dedicar tempo a buscar posibles denominacións galegas de *tricoleucemia*, *fotón* ou *quark*, xa que é moi pouco probable que estas diverxan das adoptadas en inglés, francés, portugués ou castelán, unha vez feitas as adaptacións ortográficas correspondentes.

agrogandeiro, sector agroforestal, viticultura, minería, sector téxtil, construción...) a presenza de denominacións non coincidentes coas dos idiomas veciños é moito máis probable.

- o grao de proximidade ou de distancia do concepto con respecto á vida social, cultural, económica, etc. da sociedade tradicional galega
Con todo, a esa primeira filtraxe temática pode superpórsele outra, segundo a cal as posibilidades de atopar unha denominación propia diverxente serán maiores cando se refiran a realidades cos que a sociedade galega tivese trato frecuente, con independencia de que pertenza a unha ou a outra área temática.

A posta en práctica deses dous criterios levaríanos a buscar en fontes galegas sempre que o concepto fose manexado con frecuencia pola sociedade tradicional do país, ou cando pertenza a unha área vinculada coa nosa realidade socioeconómica. E ó revés, cando ningunha de ámbalas condicións se cumpra, poderíamos prescindir desa busca.

Por último non debemos desbotar a posibilidade de consultar fontes orais, inquirindo a especialistas na área de especialidade, xa que se trata dunha técnica que pode resultar moi útil para a recolla de información puntual e moi achegada ós usos realmente existentes nos ámbitos especializados.

5.4 Avaliar a calidade⁸ e as perspectivas de asentamento no uso real da(s) denominación(s) atopada(s)

Esta avaliación da calidade debe realizarse desde dúas perspectivas distintas: desde un punto de vista intrínseco e desde un punto de vista extrínseco ou pragmático. A primeira ten que atender a cuestións relacionadas tanto co significado (precisión, claridade...) como co significante (grao de normatividade, respecto deste pola estrutura lingüística do galego, nivel de harmonización coas linguas veciñas...); pola contra, a segunda tería que determinar o grao de uso que ten ese termo e valorar as posibilidades de introduci-lo na comunicación especializada en galego ou de eliminá-lo dela.

Polo tanto, pódese dar o caso de que termos que segundo o primeiro dos enfoques serían deficientes, se acepten no corpus do galego (pensemos, por exemplo en anglicismos evidentes, como *hardware* ou *software*) despois de comprobar o escaso éxito das propostas de substitución que se realizaron.⁹ E ó revés, podemos tamén ver como outras moi instaladas no uso, foron rexeitadas definitivamente polas autoridades normativas dada a súa inadecuación desde o punto de vista lingüístico (**rumiantes*, **monolito*, **microlito*...).

⁸ Falamos de “calidade” no canto de facelo de “corrección”, porque en sentido estricto, esta segunda etiqueta só se podería aplicar naqueles casos en que houbo un dictame dunha entidade con autoridade sancionadora, o que no caso galego lle corresponde á RAG, e en cuestións de terminoloxía ó Termigal.

É dicir, podo afirmar que *sobreser* é unha forma máis correcta ca *sobreseer* xa que a primeira está recollida no Drag, algo que non lle acontece á segunda; pero non podo afirmar que *desenvolvemento sustentable* sexa máis ou menos correcta ca *desenvolvemento sostible*, xa que as entidades con autoridade para tomar unha decisión a ese respecto non se pronunciaron.

⁹ No *Vocabulario de informática*, Vigo, Universidade, 1994, propoñíase, respectivamente, *soporte físico* e *soporte lóxico*.

En condicións ideais, o traballo de avaliación deberían realizalo equipos interdisciplinares formados por especialistas da área de especialidade á que pertenza o concepto para o que buscamos denominación, e lingüistas con coñecementos de terminoloxía. Pero se a constitución de equipos de este tipo é xa difícil cando se emprenden traballos terminográficos sistemáticos (elaboración de dicionarios ou vocabularios especializados) moito máis o será á hora de resolver problemas puntuais. Polo tanto, na realidade, van ser os traballadores dos servizos lingüísticos os que na maioría dos casos teñan que realizar ese tipo de avaliación, para o que deberán contar sempre coa opinión dalgún especialista na materia (como mínimo, o autor do documento que puxo en marcha a investigación).

Dentro destas dúas vertentes vai haber que atender a un conxunto tan diverso de factores, que impiden a elaboración dunha táboa de avaliación que puidese seguirse como se dun decálogo se tratar. Pero por suposto, eso non quere dicir que a avaliación teña que basearse en criterios subxectivos, senón que debe artellarse arredor dunha serie de argumentos de importancia diversa, que afectan a cada unha das dúas vertentes, e que haberá que sopesar en cada caso en particular.

VERTENTE INTRÍNSECA

1 **En xeral cómpre respectar a autoridade normativa**

Como principio, o feito de que unha proposta apareza avalada ou publicada por entidades dotadas de autoridade normativa (a RAG e o Termigal, en materia de terminoloxía), é garantía da súa calidade e un indicador a favor de aceptala sen emendas. Agora ben, non é imposible defender solucións alternativas ás anteriores, sobre todo se existe contradición entre fontes normativas, ruptura da coherencia con respecto a outros termos tamén sancionados normativamente, etc., sempre que se argumente con detalle o motivo desa decisión, e se lle indique ó autor do documento a elección feita e a razón que a avala.¹⁰

2 **Hai que intentar respectar as pautas morfolóxicas e sintácticas do galego.**

Esto é especialmente válido naqueles casos (composición culta, denominacións de series pechadas ou regulares de elementos...) ¹¹ en que a existencia desas pautas sexa máis facilmente detectable e aplicable. A introdución de termos que introduzan irregularidades neste paradigma debe ser evitada na medida do razoable.

3 **A calidade dos termos será maior, na medida en que respecten as pautas ortográficas e ortofónicas do galego.**

En xeral, será preferible un termo que teña a capacidade de integrarse facilmente na estrutura do galego, ca un que non a teña.¹²

¹⁰ Por ex., aínda que no Drag se recolle unicamente a denominación *geyser*, a afirmación presente en NOMIG (1995: 26) (“Os latinismos e as palabras estranxeiras de circulación corrente, aínda que non estean plenamente adaptadas ó galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente [as xerais da lingua galega]”) permítenos defender con argumentos a conveniencia de propor a forma *géyser*, que non aparece explicitamente invalidada en Drag.

¹¹ Como exemplo da composición culta podemos citar os compostos que teñen como segundo elemento *-lito*, todos eles esdrúxulos (*micrólito*, *aerólito*, *coprólito*, *crisólito*, *electrólito*, *fotólito*...), ou *-scopia*, todos graves (*bronscopia*, *dactiloscopia*, *diafanoscopia*, *endoscopia*, *microscopia*...). Exemplos das series pechadas de unidades vémoslos na acentuación grave de todos os elementos químicos da serie dos gases nobres.

¹² Se se atopasen as propostas adecuadas, é posible que o intento de substituír anglicismos como “software” ou “hardware” tivese éxito, xa que estes dous termos son dificilmente asimilables dentro das estruturas lingüísticas

4 Os termos xa presentes no galego son preferibles ós préstamos

Cando un termo vivo no galego remita ó mesmo concepto ca un préstamo doutra lingua sempre será preferible o primeiro; o préstamo pode, segundo os casos, admitirse como forma sinónima ou rexeitarse como superfluo.¹³

Tamén se pode dar o caso de que o termo galego non remita exactamente ó mesmo concepto senón a un moi semellante; nese caso cumpriría estudar a posibilidade de realizar unha extensión semántica do termo propio (de xeito que asuma a representación formal do novo termo, como ocorreu, por exemplo no caso de *pina*, que substituíu a **llanta*), ou de aceptar o préstamo.

5 Será máis adecuado aquel que coincida coas solucións terminolóxicas adoptadas polas linguas do noso contorno

Para determinar cáles son estas solucións podemos recorrer a dicionarios especializados en papel, o que nos obrigará a dispoñer dun repertorio amplo e actualizado con regularidade; pero vannos ser máis útiles as fontes electrónicas, moitas das cales podemos consultalas gratuitamente a través da Internet (vid. a listaxe orientativa de [Fontes de termos](#) que ofrecemos como anexo a este documento).

De entre todas as linguas veciñas debe valorarse especialmente a harmonización e o achegamento ó portugués (sobre todo na adaptación de cultismos e na terminoloxía científica e técnica, tal e como se indica na “Introducción” das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*), sempre que a avaliación realizada desde a vertente pragmática non revele desaconselle tal iniciativa.

Nembargantes, este principio xeral, que valora como positiva a coincidencia terminolóxica, debe por veces poñerse en suspenso.

Así ocorre cando as coincidencias se producen entre galego e castelán: nese caso é aconsellable buscar un certo diferencialismo (a pesar de que, salvo excepcións, os préstamos desa lingua adáptanse con facilidade ás estruturas do galego).

Outras veces atopamos exemplos en que os idiomas máis próximos a nós adoptan denominacións que supoñen unha tradución errónea de préstamos, normalmente anglicismos. Nese caso preséntase a necesidade de optar entre a fidelidade lingüística –evitando o calco da falsa tradución– ou a harmonización –aceptando a denominación errada, pero asentada–. Unha posible solución salomónica sería recoller as dúas propostas e presentalas como sinónimas, priorizando a correcta desde o punto de vista lingüístico, e deixando que sexa o uso o que decida.

(p. ex. “interceptive orthodontics” → “ortodontia interceptiva”; “ortodoncia interceptiva”)

VERTENTE PRAGMÁTICA

1 Grao de uso real

Parece lóxico supor que canto máis usado sexa un termo, máis difícil será substituílo por outro distinto, e polo tanto, máis precavidos cumpriría ser na elaboración de propostas alternativas. Pero o difícil é poder determinar por procedementos obxectivos cál é o grao de uso real: unha das vías máis sinxelas ó noso alcance é comprobar o seu uso en páxinas web escritas en galego.¹⁴

2 Grao de difusión da fonte lexicográfica ou terminográfica en que se recolle o termo

Aínda que de maneira indirecta, a difusión da fonte en que se publicou pode entenderse como un indicador da difusión do termo que estamos avaliando. Polo tanto, canto maior sexa esta, máis aconsellable será non ofrecer propostas diverxentes con ese termo, a non ser que existan razóns moi sólidas que o xustificuen.

do galego. Pola contra, casos moi semellantes polo seu grao de uso como “scanner” ou “plotter” serían máis difíciles de suplantar dada a facilidade con que se adaptan á ortografía galega (*escáner* e *plóter*) e ó feito de que xa se converteron en palabras con capacidade xerativa en galego (*escanear* e *plotear*).

¹³ Así, será preferible *bonito* a *atún branco*.

Con respecto a isto cumpriría establecer unha salvidade no referente ós termos científicos formados con formantes cultos -que non teñen por qué ser entendidos en sentido estricto como préstamos), e ós casos en que entre os supostos sinónimos exista diferenza de nivel lingüístico (*holoturia* vs *carallo de mar*).

¹⁴ Exemplificar cos usos de *link*, *enlace* e *ligazón* no ámbito da Internet.

Reforza esta opinión a constatación de que un problema relevante que afecta os tecnoloxos das linguas non normalizadas é a multiplicación de denominacións para un único concepto, en contraste con situacións máis unívocas (un nome - un concepto) nas linguas que gozan de panoramas normalizados.

Pola contra, se o termo foi recollido nunha fonte lexicográfica ou terminográfica pouco difundida, ou ben en documentación técnica oral ou escrita, a nosa capacidade de intervención e proposta será maior.

3 **Adecuación do termo ó nivel de lingua do documento en que vai funcionar**

Para que un termo sexa apropiado para figurar nun documento determinado non lle abonda con remitir ó mesmo concepto, senón que é preciso tamén que a denominación sexa adecuada ó tipo de documento (vid. o caso de *carallo de mar* citado supra, ou os paralelos de *fodón* -*Gadus minutus*- e *merdeiro* -*Stercorarius skua*-).

4 **Precisión e distinción con respecto a outros conceptos que formen parte do mesmo sistema conceptual**

Estas dúas características son moi importantes, sobre todo a segunda delas, xa que inciden sobre características básicas da comunicación especializada (vid. o problema de *areal/areas* -cast. *áridos*- en galego).

5 **A concisión da denominación aumenta as posibilidades de implantación no uso**

Este argumento, aínda que certo na súa formulación xeral, debe ser obxecto de dúas matizacións:

— A concisión non pode lograrse a custa da precisión inherente á terminoloxía, xa que este é un valor de importancia superior, sobre todo nos ámbitos máis vinculados coas disciplinas científicas clásicas.

— É certo especialmente en áreas de especialidade que acadan unha ampla difusión social (deportes, novas tecnoloxías, servizos...), e nos que a vertente “comercial” xoga un papel importante.¹⁵

6 **Unha relación visible entre a denominación e o concepto favorece o uso do termo**

Evidentemente, este factor debe combinarse co anterior, xa que o grao máis alto de transparencia outórmano as denominacións que describen o concepto. Con todo, solucións como a truncación ou a acronimia (moi empregadas, polo inglés entre outras linguas) permiten combinar de maneira aceptable ámbas as dúas condicións.¹⁶

7 **Débense evitar cacofonías ou asociacións connotativas inadecuadas**

Termos que coincidan total ou parcialmente con palabras que se consideran vulgares nos niveis cultos da lingua deben proporse só se están vixentes nos usos reais. Pola contra, se con eles se intenta substituír outros xa asentados pero de mala calidade, é probable que a iniciativa fracase, xa que ós inconvenientes da substitución, súmaselle a imaxe negativa da palabra.

Lémbrese o dito máis arriba sobre *icona* ou o *qu de Tobin*, ou véxase a pugna denominativa entre *ecoplanta* e *empacadora de lixo*.

8 **Se co termo que avaliamos se intenta substituír outro xa implantado, pero de mala calidade, é aconsellable intentar manter as connotacións existentes na denominación orixinal**

¹⁵ Así, propostas de denominación galega como as ofrecidas no *Vocabulario dos deportes* para os anglicismos *smash* e *pole position* (*remate por riba da cabeza* e *primeira posición de saída*) van ter moi poucas posibilidades de éxito debido ás súas propias características, con independencia do nivel de asentamento dos anglicismos.

Igualmente, é probable que a proposta *mensaxe de correo electrónico* non logre substituír nunca a *e-mail*, a pesar de que esta presenta graves dificultades para integrarse nas estruturas do galego.

Outro exemplo máis: ¿será posible desbancar o anglicismo *spam* con propostas galegas como *bombardeo publicitario* ou *bombardeo con correo lixo*; ou o híbrido *facen spam* con *bombardear con publicidade* ou *bombardear con correo lixo*?

¹⁶ De feito, recórrase a eses procedementos na creación de termos como *bit* (binary digit) ou *e-mail* (electronic mail), e que outras linguas empregan para intentar substituír con éxito eses estranxeirismos (vid. o uso de *courriel* en francés).

Moitos termos, especialmente os máis vinculados ó mundo comercial ou da comunicación, non se limitan a conectar unha denominación con un concepto, senón que a través do nome transmítennos mensaxes subliminais que fan que os usuarios percibamos de maneira positiva ou negativa ese concepto. Na medida do posible, as propostas neolóxicas que se realicen deberían intentar manter esa información pragmática, xa que se prescindimos dela, a substitución do termo vai ser moi difícil.

5.5 Se o resultado da avaliación é negativo, cómpre propor un neoloxismo substitutorio.

Se, despois de analizalos, chegamos á conclusión de que ningún dos termos que recollemos ten calidade abonda para ser ofrecido como resposta á dúbida de partida, será preciso que elaborem un neoloxismo substitutorio.

O proceso de elaboración debe basearse nos mesmos criterios que acabamos de ver no apartado anterior, exceptuados -como é lóxico- aqueles que daban por suposta a detección previa dun termo nalgunha das fontes documentais consultadas.

Unha vía coherente de organizar a aplicación deses criterios parécenos que sería a seguinte:

1 Ver a posibilidade de empregar léxico xa presente no galego para denominar o novo concepto.

Neste momento do proceso, isto quere dicir que, se estamos traballando en áreas nas que o galego tivo un uso histórico¹⁷ unha das primeiras vías que cumpriría explorar é a recuperación de léxico -tanto no eixe diacrónico como no diatópico- ou a extensión semántica deste tipo de léxico a novos usos (vid. por exemplo como a extensión do uso de *chumaceira* permitiu evitar o uso do castelanismo superfluo *cojinete*).

Este criterio perde case toda a súa rendibilidade naquelas áreas de especialidade que manexan conceptos moi afastados da vida cotiá, e cunha alta compoñente tecnolóxica (enxeñerías, física, química, medicina...), xa que o galego non estivo presente nelas ata datas moi recentes. Por eso, neses casos cumprirá recorrer a outras medidas como a creación neolóxica, a aceptación dun estranxeirismo ou dun préstamo, etc.

Pero ademais, é preciso compatibilizar este criterio co obxectivo de establecer solucións terminolóxicas harmónicas coas das linguas do noso ámbito lingüístico e cultural. Polo tanto, cando todas elas apostan por un termo único ou moi semellante, cómpre ser moi prudentes á hora de recomendar camiños diverxentes, aínda que sexan propios do galego.¹⁸

2 Se eso non é posible, propor unha nova denominación.

Cando non é factible reutilizar léxico xa existente, haberá que elaborar unha proposta neolóxica, que debe evitar a dependencia do castelán e ser harmónica coas solucións adoptadas polas linguas veciñas, especialmente o portugués. Esta necesidade de harmonización é especialmente importante cando os idiomas do contorno amosan un comportamento unánime e cando a denominación se constrúe a partir de formantes cultos, que ata certo punto de vista poden non considerarse como alleos ó propio galego.

Segundo os procedementos seguidos na formación dos neoloxismos, estes poden clasificarse como “de formación propia”¹⁹ e “de préstamo”. Pola súa parte, os neoloxismos de préstamo subdivídense en:

- Préstamos propiamente ditos.- Importan desde outro idioma tanto o concepto como a denominación, sen

¹⁷ Pensamos en ámbitos como o mundo agrograndeiro e forestal, a pesca, as industrias transformadoras destes produtos (conserveiras, cárnicas, vitícola...), a construción, a veterinaria, as denominacións de animais e plantas, etc.

¹⁸ Unha estratexia mixta que se podería aplicar neste tipo de casos sería recoller como sinónimos o termo propio e o coincidente coas linguas veciñas, e deixar que sexa o uso o que estableza a prioridade entre eles.

¹⁹ En sentido estrito, este tipo só se detectaría cando se nomea por primeira vez un concepto, xa que se este conta cunha denominación coñecida noutra lingua, esta vai influír de maneira máis ou menos directa nas decisións denominativas que se tomen no segundo dos idiomas.

cambios ou con moi pequenas modificacións. (P. ex. *hardware, escáner, géyser, after-shave...*)

- Calcos.- Importan un proceso denominativo empregado nouro idioma recorrendo a denominacións que xa existían na lingua importadora. (*rato, periférico* -en informática-; *baloncesto, balonmán* -en deportes-...)

3 **Nos “préstamos propiamente ditos”, hai que intentar respectar as normas de uso ortográfico, ortofónico e morfosintáctico do galego.**

Unha vez máis cómpre ter en conta a conveniencia da harmonización cos idiomas veciños e cuestións de índole pragmática como os problemas de implantación que se derivan de modificacións fortes de denominacións xa asentadas.

4 **Ter sempre en conta as cualidades pragmáticas da proposta**

Aínda que por necesidade figure en cuarto lugar, realmente trátase dun requisito que se debe ter en conta en calquera das tres etapas anteriores, xa que propostas que esquezan aspectos como os que se citan a continuación –e que xa se viron con detalle con anterioridade– están probablemente condenadas ó fracaso.

Entre as cualidades que cómpre ter en conta destacamos:

- adecuación ó nivel de lingua
- brevidade
- precisión
- asociacións connotativas e denotativas de tipo positivo

5.6 Avaliación da proposta neolóxica desde o punto de vista técnico e conceptual

A posibilidade ideal sería que algún órgano con autoridade académica (no noso ámbito o Termigal) emitise un dictame sobre a idoneidade teórica²⁰ dese termo, e recomendase o seu uso, ou propuxese unha alternativa.

Na práctica, sempre temos unha posibilidade mínima de avaliación técnica consultando co autor do documento en que atopamos o termo problemático, e valorando con el a idoneidade e as posibilidades de éxito das propostas neolóxicas.

5.7 Almacenaxe e reutilización de propostas de termos

É necesario rexistrar todos os datos da investigación, e conservarlos canda o resultado final desta: o novo termo que illamos.

Almacenar esta información en soporte informático, rendibiliza enormemente o traballo terminolóxico puntual, pois permite consultar con gran rapidez amplos corpus documentais, e ofrece unha flexibilidade case infinita á hora de perfilar as buscas.

²⁰ Insistimos no adxectivo “teórica” porque se pode dar o caso de que propostas idóneas lgtea. e conceptualmente non acaden unha presenza significativa no uso, por múltiples razóns de índole social ou mediática.

6 A difusión da terminoloxía creada

As carencias na difusión son as que provocan a multiplicación denominativa (se unha proposta non se coñece, non se pode respectar).

Moitos servizos non teñen practicamente capacidade de difusión, como non sexa a través da publicación de artigos con esas propostas terminolóxicas.

Sería moi útil que un centro con autoridade (a entidade ideal para isto sería Termigal) se encargase de centralizar as propostas creadas nos distintos centros produtores, realizase unha depuración e unha valoración e difundise (idealmente a través dun dicionario electrónico ou dun banco de datos) eses termos.

7 Bibliografía

- CABRÉ, M. T. (1992) *La terminología. La teoría, els mètodes, les aplicacions*, Barcelona, Empúries
- DUBUC, R. (1992) *Manuel pratique de terminologie*, Linguatex éditeur, 3ª edición
- TERMCAT (1990a) *Manlleus i calcs en els treballs de terminologia catalana*, Barcelona, Termcat
- TERMCAT (1990b) *Formació de termes amb elements cultes*, Barcelona, Termcat
- REI DOVAL, G. (1993) “Sobre planificación léxica da lingua galega. No 25 aniversario de *Introduction to a theory of Language Planning* de Valter Tauli” en *Cadernos de lingua* 7: 53-75
- RODRÍGUEZ RÍO, X. A. (1996) “Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades”, *Cadernos de lingua*, 13: 35-74
- RODRÍGUEZ RÍO, X. A. (2002) “La terminología en Galicia: algo parece moverse”
- SAGER, J. C. (1993) *Curso práctico para el procesamiento de la terminología*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez

8 Anexos

8.1 Os buscadores en Internet como ferramentas para o traballo terminográfico

8.1.1 Buscadores na Internet

- [Páxina de buscadores da web da USC](#)
- [Google](#)
- [AltaVista](#)
- [SAPO \(buscador portugués\)](#)
- [AllTheWeb](#)
- [Buscador Terra](#)
- [Cibercerques multilingues](#)

8.1.2 A busca de documentación en galego

Os buscadores máis efectivos e comunmente empregados (Google, Yahoo, Altavista...) non permiten usar o galego como criterio de filtro.

Os buscadores que si permiten facer eso (Alltheweb e Terra) teñen indexado un número moi pequeno de páxinas neste idioma.

Unha posibilidade máis artesá de realizar as buscar é establecer filtros persoais nos buscadores xerais

- Vid. [Cibercerques multilingues](#)
- Proposta persoal
 - en Altavista: +palabra que se busca +(do OR da OR dos OR das) +é -(em OR não)
 - en Google: palabra que se busca é OR ao OR ás OR aos OR á -um -em -são -su

8.1.3 Características dalgúns dos buscadores esenciais no noso traballo

Google

- + rapidez
- + número de páxinas
- non permite buscar por partes de palabras
- non permite usar o galego como lingua de filtraxe

Altavista

- + número de páxinas
- + permite buscar por partes de palabras
- rapidez
- non permite usar o galego como lingua de filtraxe

Alltheweb

- + permite usar o galego como lingua de filtraxe
- poucas páxinas en galego indexadas

8.1.3.1.1.1 Terra

- + permite usar o galego como lingua de filtraxe
- + permite buscar por partes de palabras
- poucas páxinas en galego indexadas

8.2 Referencias (catálogos, bancos de termos, dicionarios...) consultables a través de Internet

8.2.1 Catálogos bibliográficos

- [Bibliografía informatizada da lingüística galega \(Bilega\)](#)
- [Catálogo da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela](#)
- [Catálogo da Biblioteca da Universidade de Vigo](#)
- [Base Nacional de Datos Bibliográficos \(PORBASE\)](#)
- [Catálogo en liña da Rede de Bibliotecas Universitarias \(Rebiun\)](#)
- [Catálogo do ISBN](#)

8.2.2 Corpus documentais en galego

- [Corpus lingüístico do Centro Ramón Piñeiro \(CORGA\)](#)

8.2.3 Páxinas compiladoras de repertorios terminográficos na Internet

- [Yourdictionary.com \(índice de dicionarios especializados\)](#)
- [Terminology Collection- Online Dictionaries](#)
- [Páx. de recursos \(Un. Sherbrooke-Canadá\)](#)
- [Inventaire des travaux terminologiques dans Internet](#)
- [Glossarist \(Directorio multitemático de glosarios\)](#)
- [Páx. de recursos computacionais en portugués](#)
- [Páx. de ligazóns do Servei de Llengua Catalana \(Univ. de Barcelona\)](#)
- [Páx. de recursos terminolóxicos en italiano](#)

8.2.4 Fontes de termos

8.2.4.1 Bancos multitemáticos e multilingües

- [Cercaterm \(banco de termos do Termcat\)](#) (ca-fr-en-de)
- [Eurodicautom \(banco de termos da Comisión Europea\)](#) (linguas oficiais da UE)
- [OneLook Dictionaries](#) (principalmente en-fr)
- [Banco de termos da Office de la Langue Française](#) (fr-en)
- [Base de terminologie \(Conseil International de la Langue Française\)](#) (fr-en-es-de)
- [Terminobanque \(banco de termos da Communauté Française de Bélxica\)](#) (fr-en-nl-de)

8.2.4.2 Bancos ou dicionarios multitemáticos e monolingües

- Dicionario da Real Academia Galega
- [Dicionario Real Academia Española](#)
- [Vademécum de Español Urgente \(Axencia EFE\)](#)
- [UOL - Michaelis - Moderno Dicionário da Língua Portuguesa](#)
- [Dicionário da Língua Portuguesa On-line](#)

- [Enciclopédia Universal On-Line](#) (pt)
- [Dict. Universel Francophone en ligne](#)
- [Enciclopedia Británica](#) (en)

8.2.4.3 Bancos e dicionarios monotemáticos e multilingües

- Medicina e ciencias da saúde
 - [Bancos de datos da OMS](#) (en-fr)
 - [Multilingual Glossary of medical terms](#) (en-fr-pt-es-de-it-nl...)
 - [Dicc. enciclopèdic de medicina](#) (ca-es-en)
 - [Dicc. Oftalmología](#) (es-en)
 - [Dicc. de ciencias de laboratorio clínico](#) (en-es)
- Sector agroforestal
 - [Agrovoc \(banco de termos agrarios da FAO\)](#) (en-fr-es-pt)
 - [SilvaTerm \(banco de termos forestais do proxecto SilvaTerm\)](#) (en-fr-es-pt-de)
 - [Glossaire de terminologie forestière](#) (fr-en)
 - [Term. de la sylviculture au Canada](#) (fr-en)
- Telecomunicacións
 - [Termite \(banco de termos da Unión Internacional de Telecomunicacións\)](#) (en-fr-es-ru)
- Química
 - [Dicionário de Química](#) (pt-en-es)
- Estatística
 - [Glos. de estatística do Eurostat](#) (en-fr-pt-es-de)
- Economía. Empresa. Comercio
 - [Glosario de comercio exterior da OEA](#) (es-en)
 - [Banco de datos da Org. Mundial do Traballo \(ILOTERM\)](#) (fr-en-es-de)
 - [Banco de datos do FMI](#) (de-en-es-fr-pt)
 - [Dicc. de banca da Unión de Bancos Suízos](#) (en-de-fr-it)
- Zooloxía
 - [Dic. de especies pesqueiras \(es-en-pt-fr\)](#)

8.2.4.4 Bancos ou dicionarios monotemáticos e monolingües

- Medicina e ciencias da saúde
 - [On-line Medical Dictionary](#) (en)
 - [Glos. de termos odontolóxicos](#) (es-en)
 - [Glosario de Neurociencias](#) (es-en)
 - [IMSERSO-Glosario](#) (es)
- Sector agroforestal
 - [Voc. de botánica forestal](#) (es)
 - [Dicionário florestal](#) (pt)
 - [Glossário enológico](#) (pt)
- Construcción
 - [Dicionário da Construção](#) (pt)
- Química
 - [Dicionário Rossetti de química](#) (pt)
 - [Glosarios da IUPAC \(U. Intern. de Química Pura e Aplicada\)](#) (en)